

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUTORAS INDEPENDENTES-AGAPI PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE CONSULTORÍA NO EIDO AUDIOVISUAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Galega de Produtoras Independentes-Agapi** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2020**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de actividades de formación online no eido audiovisual de cara á actualización de contidos naqueles aspectos de maior actualidade e relevancia como é a busca de fontes de financiamento no contexto internacional tanto públicas coma privadas, para o que resulta fundamental o deseño e a preparación dun proxecto sólido dende o punto de vista económico e financeiro, a parte quizais máis problemática, que abordarán diferentes expertos na materia e co apoio de *study case* sobre o éxito de filmes como *O que arde*. Un labor amplo de consultoría para as empresas do sector implicará tamén unha oportunidade de mellora na eficiencia no funcionamento das empresas.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación e de potenciar os programas de formación e desenvolvemento cultural, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación Galega de Produtoras Independentes que permitan a súa participación neste programa de formación online e consultoría para as empresas do sector audiovisual.

O ano 2019 foi un ano de recoñecemento internacional para os proxectos e produtoras galegas, un éxito que consolida o audiovisual galego como un sector en expansión con moitas posibilidades de negocio e cunha gran canteira de talento, un éxito internacional que o sector debe aproveitar. Neste 2020 a crise da Covid-19 está a producir desafíos sen precedentes en todo o sector cultural. Aínda que o consumo audiovisual se incrementou de forma exponencial, deixando máis patente, se cabe, a importancia emocional dos contidos audiovisuais, que supuxeron un bálsamo persoal e colectivo para a situación que estamos a vivir, a internacionalización dos proxectos e das empresas quedou paralizada, polo que é vital seguir mantendo o contacto e as sinerxías globais de cara a seguir impulsando a recuperación da actividade. E a formación online enfocada xustamente na busca de fontes de financiamento tanto públicas coma privadas no contexto internacional, e centrada sobre todo



naqueles aspectos que entrañan máis dificultade como pode ser o deseño do plan económico e financeiro, axudará a crear proxectos cunha base máis sólida que os axude a competir nas mellores condicións no mercado.

Insírese esta colaboración na medida 10 do "Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19", aprobado en Consello da Xunta o 30 abril de 2020, no marco do eixe de actuación da formación, profesionalización e mellora da competitividade e capacitación profesional no eido cultural.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que leva a cabo a Asociación coincide plenamente coa liña de difusión e promoción desta industria que a Agadic desenvolve, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

